

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DEPARTAMENTO ECONOMÍA

CURSO 2024/2025

2º Bach – Empresa e deseño de modelos de negocio

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase tendo en conta o seguinte:

- A media aritmética das probas escritas que se levan a cabo nese período contarán un 90% da nota de avaliación.
- Os exercicios, traballos ou tarefas realizadas na clase ou na casa suporán o 10% da avaliación.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior más próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior más próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo. Entenderase superada a materia cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, debendo ter todas as avaliacións superadas. É dicir, para superar a materia na avaliación final, deberá alcanzarse un mínimo de 5 puntos ($nota \geq 5$) sobre 10 puntos, na media das tres avaliacións, debendo ter as avaliacións aprobadas ($nota \geq 5$). Non se fai media con avaliacións suspensas. O alumnado que teña algunha avaliación pendente deberá realizar actividades de apoio, reforzo e recuperación durante o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, debéndose presentar a un exame final no que deberá recuperar a avaliación ou avaliacións que non teña superadas.

Dado que a cualificación da avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior más próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior más próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.